



REGULAMENTO
CIRCUÍTO GALEGO JÚNIOR
TEMPADA 23/24



ÍNDICE

1. FORMATO	2
1.1. FORMATO DO CIRCUÍTO	2
1.2. FORMATO DE XOGO	2
1.3 TÍTULOS	3
2. INSCRICIÓN	4
2.1. PROCEDEMENTO	4
2.2. SORTEO	5
3. MECÁNICA DOS TORNEOS	5
3.1. HORARIO	5
3.2. CONTROL DO TEMPO	5
4. PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN	6
5. CAMPIONATOS GALEGOS JÚNIOR BÓLA 9 E BÓLA 10	6
6. COPA DE CLUBS	7
7. PREMIOS	7
8. RÉXIME DISCIPLINARIO	7
8.1. INDUMENTARIA	8
8.2. PENALIZACIÓN	8



1. FORMATO

Todo o redactado no presente documento estará suxeito a cambios de carácter excepcional, motivados por calquera situación extraordinaria que impida o normal transcurso da competición, e que se escape do control da propia organización.

1.1. FORMATO DO CIRCUÍTO

Esta competición denomínase Circuito Galego Júnior de Pool e poderá participar calquera xogador con **licenza federativa nacional** en vigor en categoría júnior (xogadores que cumpran 18 anos ou menos durante o transcurso da vixente tempada²).

Estará formado nesta tempada por catro probas de circuito máis os Campionatos Galegos de Bóla 9 e Bóla 10 Júnior.

Cada proba xogarase nos clubs galegos con ánimo de fomentar o pool dende a base e que cederán altruistamente as súas instalación para que os xogadores máis novos disfruten da competición.

Os clubs que acollerán probas son os seguintes:

- **Club Billar Teo.** (Teo, A Coruña)
- **Asociación Gallega de Pool.** (Salón Yacaré, Vigo, Pontevedra)
- **Club de Billar Rías Baixas.** (Dena, Pontevedra)
- **Club de Billar Adai.** (O Corgo, Lugo)

Dos resultados destas catro probas irá saíndo una clasificación que será a que determine aos 8 cabezas de serie dos Campionatos Galegos Júnior de Bóla 9 e Bóla 10 que se celebrarán nas instalacións do Club de Billar Rías Baixas.

1.2. FORMATO DE XOGO

A competición xogarase en mesas de 9 pés. As modalidades de xogo variarán en cada proba alternando entre bóla 9 e bóla 10. Xogarase a dobre KO europeo. Isto significa que ata chegar a certa ronda do torneo, todos os xogadores teñen unha segunda oportunidade en caso de perder un enfrontamento.

A distancia de xogo variará coa modalidade e a fase do torneo:

- **Bóla 9:** dobre eliminación a 5 gañadas e eliminación directa a 6 gañadas.
- **Bóla 10:** dobre eliminación a 4 gañadas e eliminación directa a 5 gañadas.



Os xogadores que pasen á zona do cadro de eliminación directa serán sorteados para coñecer ao seu próximo rival, que non poderá ser, en ningún caso, o mesmo co que se xogaron o pase pola zona de gañadores.

Aplicarase, no saque, a regra dos tres puntos. A suma de bólas que pasen a liña da cabana e as bólas embocadas, deberá ser igual ou maior que tres para ser considerado saque legal. En caso de saque legal, calquera dos dous xogadores terá dereito a utilizar o push out. En caso de saque ilegal, só o xogador que efectuou o saque ten dereito a facer push out, e será o adversario o que decida se roubarlle a quenda ou facerlle tirar.

Ante calquera dúbida de normativa, a organización decidirá sempre en base á norma establecida pola EPBF no circuíto Eurotour.

1.3 TÍTULOS

Durante a tempada xogarase polos títulos tanto individuais como por clubs que se definen a continuación:

- **Campión do circuíto Galego Júnior:** Reservado para o primeiro clasificado despois das catro probas de circuíto.
- **Campión Galego Júnior de Bóla 9:** Reservado para o gañador do Campionato Galego Júnior de Bóla 9.
- **Campión Galego Júnior de Bóla 10:** Reservado para o gañador do Campionato Galego Júnior de Bóla 10.
- **Campión da Copa de Clubs Júnior:** Reservado para o club que máis puntos obteña na clasificación a final de tempada, incluíndo os puntos conseguidos nos Campionatos Galegos Júnior de Bóla 9 e Bóla 10.



2. INSCRICIÓN

A inscrición para cada proba será de balde e pedirase a colaboración de pais e nais durante o transcurso de cada proba para axudar ao club organizador na medida do posible.

2.1. PROCEDEMENTO

Os clubs serán os encargados de inscribir aos seus xogadores. Para simplificar a comunicación entre clubs e federación, os representantes de cada club será preciso que envíen un único correo electrónico a fegabi@fegabi.es e teobillar@gmail.com adxuntando o xustificante da transferencia xunto co listado de xogadores inscritos.

A organización facilitará un documento formato excel aos clubs, para elaborar o listado de inscritos para cada proba.

Só se terán en conta as inscricións que cheguen ás dúas direccións de correo indicadas, por parte de cada un dos clubs, antes da data e hora fixada en cada convocatoria e no formato de documento que se indica.

Unha vez publicadas as listas de inscritos na páxina de facebook da Federación Galega de Billar, sempre o martes anterior a cada proba ao redor do mediodía, os xogadores terán ata as 19 horas dese mesmo día para comprobar que están nas listas. É responsabilidade de cada xogador comprobar que figura nesa lista e reclamar calquera erro que puidese haber.

Só entrarán no sorteo os xogadores que estean correctamente rexistrados.

A inscrición dun xogador nunha proba implica a aceptación deste regulamento.

A inscrición ao presente circuíto leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.

Todos os eventos do Calendario da FGB son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGB, celebrados en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo 8 da Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda publicamente aceptado e autorizado, respectando o dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición. Aínda así, no caso de que estea no lugar do evento aberto ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o artigo 8-c da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesoria e poderá ser reproducida sen o de seu consentimento, segundo o citado artigo legal.



2.2. SORTEO

Os xoves previos ás probas do circuíto, ao redor das 20 horas, farase o sorteo do torneo a través da páxina de Facebook da Federación Galega de Billar. Os venres previos ás probas do circuíto publicaranse os cadros cos horarios das primeiras roldas de cada xogador no Cuescore de cada sede.

Os xogadores irán colocados nos cadros por estricta orde de clasificación, so se sortearán os xogadores novos que non teñan puntos na clasificación. Para a primeira proba non hai una clasificación previa así que se sorteará de xeito aleatorio a tódolos participantes.

3. MECÁNICA DOS TORNEOS

3.1. HORARIO

As probas do circuíto terán previsto o seu comezo ás 10:30 da mañá en todas as sedes, a non ser que, por motivos de organización se decida modificar devandito horario.

Cada xogador deberá presentarse na sede de xogo media hora antes do horario previsto.

3.2. CONTROL DO TEMPO

A organización implementará un control de tempo, sempre que sexa posible, que asignará un tempo de xogo a cada participante para cada enfrontamento. Se un xogador quedase sen tempo antes de rematar o partido, perderá ese enfrontamento. O número de partidas gañadas que reflicta o marcador final para ese xogador, será o que teña no momento xusto en que se termine o tempo.

A organización asignará mesa para cada enfrontamento a través da aplicación cuescore e será responsabilidade do xogador estar atento para asistir ao enfrontamento.

Unha vez asignada a mesa, os xogadores dispoñerán dunha marxe de 5 minutos para efectuar o punteo ata que se poña en marcha o tempo do enfrontamento.

No suposto dunha participación moi elevada, só se poderá quencer (un triángulo), fóra do tempo de enfrontamento, na primeira rolda do torneo; e será decisión da organización.

Se un xogador non está na mesa, preparado para xogar, no momento da posta en marcha do tempo, por cada 5 minutos de atraso irase engadindo unha partida gañada ao seu adversario, e por suposto, será o tempo do xogador ausente o que se irá descontando. Ao chegar ao 3-0, daráselle o enfrontamento por perdido.

En caso de que non asista ningún dos dous xogadores, o xogador que se atope por enriba no cadro pasará para gañadores e o de abaixo para perdedores.

Concederáselle unha extensión de 5 minutos por proba a cada xogador en caso de que a precise. Esta deberá ser solicitada antes de rematar o tempo e sen ningún tipo de condicionante contará como consumida.

4. PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN

A puntuación por proba asignarase da seguinte forma:

TÁBOA DE PUNTUACIÓN	
POSICIÓN	PUNTOS
1º	500
2º	420
3-4º	350
5-8º	290
9-12º	240
13-16º	200
17-24º	170
24-32º	150
33-40º	140

O resto de xogadores puntúan 10 puntos menos por rolda. Os xogadores que non asistan non obterán puntos na proba. Ao remate da 4 probas, restarase o peor resultado.

A clasificación do circuíto queda establecida segundo os seguintes criterios:

- 1º Puntos.
- 2º Diferencial de partidas.
- 3º Partidas gañadas.
- 4º Probas disputadas.
- 5º Sorteio en caso de empate en todas as anteriores.

5. CAMPIONATOS GALEGOS JÚNIOR BÓLA 9 E BÓLA 10

A inscrición será de balde para tódolos participantes.

Os xogadores que ocupen os 8 primeiros postos da clasificación ao finalizar as catro probas (restándose o peor resultado), serán cabezas de serie para os Campionatos Galegos Júnior de, Bóla 9 e Bóla 10.

O resto de xogadores participantes, entrarán no cadro por sorteio puro e de forma aleatoria.



6. COPA DE CLUBS

En cada proba os tres xogadores de cada club que consigan máis puntos, engadirán os mesmos á clasificación paralela de clubs. Computarán para a clasificación as probas do circuíto e os Campionatos Galegos de Bóla 9 e o de Bóla 10.

Para que un clube teña dereito a puntuar cada proba, precisará presentar un mínimo de 3 xogadores.

7. PREMIOS

En tódalas probas a FGB encargárase de proporcionar unhas medallas aos catro primeiros clasificados.

Nos Campionatos Galegos Júnior de Bóla 9 e Bóla 10 a Federación Galega de Billar será a encargada de proporcionar trofeos para os 4 primeiros clasificados de cada modalidade.

Ao remate do circuíto, os catro primeiros da clasificación final, serán becados coas inscricións dos Campionatos de España Júnior.

8. RÉXIME DISCIPLINARIO

Este réxime disciplinario toma como referencia a normativa para os Campionatos de Europa da EPBF. A organización establece este réxime disciplinario co fin de aplicar unha normativa máis xusta e eficaz para garantir un desenvolvemento normal das competicións e, porén, avanzar cara unha maior profesionalidade e seriedade neste deporte.

Será a organización do circuíto a encargada de aplicar as seguintes penalizacións se así o considera oportuno.

O acceso e desprazamentos dentro da sala de xogo deben ser moi coidadosos para non molestar aos xogadores que estean competindo nese momento. Neste mesmo senso é importante procurar que o volume das conversas sexa o adecuado.

Non estará permitido o consumo de bebidas alcohólicas nin tabaco dentro das instalacións.

8.1. INDUMENTARIA

A indumentaria requerida será a seguinte:

- Calzado escuro e, en caso de ser deportivo, negro na súa totalidade.
- Pantalón escuro de vestir, non vaqueiro.
- Camisa ou polo con escudo do club ou da federación.

No suposto caso de ter que abrigarse por mor do frío, so estará permitido por enriba do polo, chaquetas deportivas de chandal co escudo do club.

Será a organización a encargada de decidir se a indumentaria presentada polo xogador é a correcta.

8.2. PENALIZACIÓNS

NIVELES DE PENALIZACIÓN	DESCRIPCIÓN
AVISO	Tres aviso s convertiranse en pérdida de partida
PÉRDIDA DE PARTIDA	Pérdida de partida + aviso , será pérdida de enfrentamento
PÉRDIDA DE ENFRONTAMENTO	Pérdida de enfrentamento + aviso o pérdida de partida , será descalificación .
DESCALIFICACIÓN	Tras descalificación , na seguinte proba, o xogador solo necesitará un aviso para estar de novo na pérdida de partida .

Exemplo: Se un xogador recibe 3 avisos e se lle da unha partida por perdida, no seguinte aviso, daríasele o enfrentamento por perdido aínda que xa estivese xogando outro enfrentamento. Se acadase outro aviso máis durante a proba, procederíase á descalificación

A penalización de **Aviso** ven dada por:

- Uso de calquera aparato electrónico durante o transcurso do enfrentamento.
- Comportamento que poida ser susceptible de molestia para o resto de xogadores da sala.
- Coller tempo morto sen informar ao rival ou sen pulsar o control de tempo.
- Mal uso do material de xogo.
- Pattern racking. (colocar as bólas no triángulo do mesmo xeito consecutivamente).
- Incumprimento do protocolo sanitario.



A penalización de **Pérdida de partida** ven dada por:

- Practicar na mesa durante un tempo morto.
- Sair das instalacións durante un tempo morto do rival.
- Volver á mesa máis tarde de 5 minutos no tempo morto do rival.
- Fumar ou consumir bebidas alcohólicas durante un tempo morto.
- Sona dun dispositivo electrónico durante un enfrontamento
- Calquera conducta antideportiva ou ofensa seria.
- Incumprimento reiterado do protocolo sanitario

A penalización de **Pérdida de enfrontamento** ven dada por:

- Destrozar material de xogo ou das instalacións.
- Calquera conducta antideportiva que presente unha ofensa moi seria.

A penalización de **Descalificación** ven dada por:

- Incumprir a normativa de indumentaria.
- Conducta antideportiva que revista unha ofensa cara a organización, xogadores ou asistentes.

Esta normativa de penalización será aplicable durante todo o transcurso de cada proba, non so se limitará ao tempo de xogo, ben sexa dentro das instalacións ou nas suas proximidades.

Os niveis de penalización son acumulables durante todo o transcurrir de cada proba, polo tanto, unha vez acadado un nivel de sanción, a seguinte penalización será a inmediatamente superior.

No caso de descalificación, o xogador queda apartado de todo premio que lle corresponda nesa proba, así como os puntos da mesma e, o comité organizador, xunto coa Federación Galega de Billar, resérvanse o dereito a establecer unha sanción xusta para o xogador.

En caso de reincidencia nunha descalificación, o xogador quedará completamente apartado de toda competición durante o transcurso da presente tempada.